



**Proceso selectivo para o ingreso no corpo de
axudantes de carácter facultativo da
Administración especial da Administración xeral
da Comunidade Autónoma de Galicia subgrupo C1**

**Primeiro exercicio
Acceso: acceso libre**

Idioma: galego

NON abra o exame ata que o tribunal o indique



PRIMEIRA PARTE – PARTE COMÚN- (PREGUNTAS 1 A 15)

1.- A discriminación por razón de idade contradí o artigo 14 da Constitución Española de 1978:

- a) Non, porque o artigo 14 so prohibe a discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, relixión ou opinión
- b) Non, porque o artigo 14 establece a posibilidade da existencia de excepcións á igualdade entre as que se atoparía a idade
- c) Si, porque o artigo 14 prohibe a discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social
- d) Si, porque o artigo 14 establece que a idade e o libre desenvolvemento da personalidade son fundamento da orde política e da paz social

2.- O dereito á obxección de conciencia:

- a) Poderá ser obxecto de recurso de amparo perante o Tribunal Constitucional
- b) So poderá ser alegado ante os tribunais ordinarios, pero non ante o Tribunal Constitucional
- c) O dereito á obxección de conciencia non se atopa recollido na Constitución Española de 1978
- d) Poderá ser obxecto de recurso de casación perante o Tribunal Constitucional

3.- De acordo co artigo 1 do Estatuto de Autonomía de Galicia:

- a) A Comunidade Autónoma de Galicia é unha nacionalidade histórica e poderá acceder ao seu autogoberno de conformidade coa Constitución Española e o Estatuto de autonomía
- b) A Comunidade Autónoma de Galicia é unha nacionalidade histórica pero nunca poderá acceder ao seu autogoberno xa que iría en contra dos principios constitucionais
- c) O Estatuto de Autonomía de Galicia non recoñece a Galicia como nacionalidade e as palabras nación ou nacionalidade non se recollen no texto do estatuto
- d) A Comunidade Autónoma de Galicia é unha nacionalidade histórica e poderá acceder ao seu autogoberno se así o decide o pobo galego nun referendo



4.- O artigo 27 do Estatuto de Autonomía de Galicia recoñece competencias exclusivas da Comunidade Autónoma:

- a) En 33 apartados
- b) En 32 apartados
- c) En 31 apartados
- d) En 28 apartados

5.- De conformidade co disposto no artigo 37 da Lei 39/2015, do 1 de outubro:

- a) As disposicións administrativas de carácter particular poderán vulnerar o disposto nunha disposición de carácter xeral
- b) As disposicións administrativas de carácter particular poderán vulnerar o disposto nunha disposición de carácter xeral se se ditan polo superior xerárquico
- c) As disposicións administrativas de carácter particular non poderán vulnerar o disposto nunha disposición de carácter xeral
- d) As disposicións administrativas de carácter particular poderán vulnerar o disposto nunha disposición de carácter xeral se así está establecido

6.-A declaración de lesividade dun acto anulable

- a) Non poderá adoptarse unha vez transcorridos 5 anos desde que se ditou o acto
- b) Non poderá adoptarse unha vez transcorridos 6 anos desde que se ditou o acto
- c) No poderá adoptarse unha vez transcorridos 2 anos desde que se ditou o acto
- d) No poderá adoptarse unha vez transcorridos 4 anos desde que se ditou o acto



7.- Segundo o disposto no artigo 27 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia:

- a) A prestación de servizos en réxime de persoal laboral temporal non constitúe mérito preferente para o acceso á condición de persoal laboral fixo.
- b) A prestación de servizos en réxime de persoal laboral temporal constitúe mérito preferente para o acceso á condición de persoal laboral fixo.
- c) A prestación de servizos en réxime de persoal laboral temporal non poderá computar como antigüidade nos supostos de concurso-oposición.
- d) A prestación de servizos en réxime de persoal laboral temporal deberá computar necesariamente nos supostos de oposición libre.

8.- Segundo o disposto no artigo 127 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, en que situación se atoparía o persoal funcionario de carreira que pase a desenvolver cargo de deputado no Parlamento de Galicia se non percibe retribucións periódicas polo exercicio da súa función?

- a) Pasaría obrigatoriamente á situación de servizos especiais
- b) Mantería obrigatoriamente a situación de servizo activo
- c) Podería optar por manterse en servizo activo ou pasar á situación de servizos especiais
- d) Pasaría á situación de servizo noutras administracións públicas

9.- De conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, podería considerarse repetitivo o exercicio do dereito de acceso en máis dunha ocasión:

- a) Durante o prazo de seis meses, salvo que concorra causa lexítima
- b) Durante o prazo de tres meses, salvo que concorra causa lexítima
- c) Durante o prazo dun ano, salvo que concorra causa lexítima
- d) Durante o prazo de catro meses



10.- De conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, o tratamento dos datos persoais dun menor de idade unicamente poderá fundarse no seu consentimento:

- a) Cando sexa maior de 18 anos
- b) Cando sexa maior de 16 anos
- c) Cando sexa maior de 14 anos
- d) En ningún caso, salvo que conste o consentimento de quen exerza a patria potestade ou a tutela

11.- As medidas de acción positiva ao efecto de promover a igualdade entre mulleres e homes:

- a) Foron eliminadas de todos os procedementos autonómicos por discriminatorias
- b) Foron eliminadas de todos os procedementos autonómicos porque non son necesarias
- c) Manteranse de xeito permanente no tempo por considerar que nunca chegarase a conseguir a igualdade entre mulleres e homes
- d) Manteranse mentres non estean plenamente conseguidos os obxectivos de igualdade de oportunidades

12.- O uso non sexista da linguaxe consiste en:

- a) A utilización de expresións lingüisticamente correctas substitutivas doutras, que invisibilizan o feminino ou o sitúan nun plano secundario respecto do masculino
- b) A utilización de expresións lingüisticamente correctas substitutivas doutras incorrectas que invisibilizan o feminino ou o sitúan nun plano secundario respecto do masculino
- c) A utilización de expresións lingüisticamente incorrectas substitutivas doutras correctas que invisibilizan o feminino ou o sitúan nun plano secundario respecto do masculino
- d) A utilización de expresións lingüisticamente incorrectas substitutivas doutras incorrectas que invisibilizan o feminino ou o sitúan nun plano secundario respecto do masculino



13.- Segundo o disposto no artigo 4 da Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero:

- a) A educación infantil contribuirá a desenvolver no alumnado a súa capacidade para adquirir habilidades na resolución pacífica de conflitos e para comprender e respectar a igualdade entre sexos
- b) A educación infantil contribuirá a desenvolver no alumnado a capacidade para relacionarse cos demais de forma pacífica e para respectar a igualdade entre sexos
- c) A educación infantil contribuirá a fomentar no alumnado actuacións responsables e autónomas e promover a igualdade real entre sexos
- d) A educación infantil contribuirá a desenvolver na infancia a aprendizaxe na resolución pacífica de conflitos

14.- Segundo o disposto no artigo 1 da Lei 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero:

- a) Só é violencia de xénero a exercida polos homes sobre as mulleres, a condición de que aqueles sexan ou fosen os seus cónxuxes ou estean ligados a elas por relacións semellantes de afectividade, aínda sen convivencia
- b) É violencia de xénero calquera acto de violencia física ou psicolóxica exercida polos homes sobre as mulleres ou entre persoas pertencentes ao colectivo LGTBI
- c) É violencia de xénero calquera acto de violencia física ou psicolóxica exercida polos homes sobre as mulleres, aínda que non se coñezan ou non teñan ningún vínculo afectivo entre eles
- d) Só é violencia de xénero a exercida polos homes sobre as mulleres sempre que exista un vínculo matrimonial entre eles

15.- Segundo o artigo 145 da Constitución Española:

- a) As Comunidades Autónomas poderán federarse entre elas respectando, en todo caso, os principios constitucionais
- b) As Comunidades Autónomas poderán federarse entre elas a condición que de o prevexan os seus respectivos estatutos de autonomía e se respecte a indisoluble unidade da Nación española
- c) En ningún caso, admitirase a federación de Comunidades Autónomas
- d) Só poderán federarse entre elas as Comunidades Autónomas con idioma e identidade cultural propia



SEGUNDA PARTE -. PARTE ESPECÍFICA (PREGUNTAS 16 A 70)

16.- Os condutores de bicicletas poderán circular polas autovías:

- a) Só pola beiravía e se son maiores de 14 anos
- b) Só pola beiravía e se son maiores de 18 anos
- c) En ningún caso as bicicletas poderán circular polas autovías
- d) Poderán circular polas autovías respectando os límites de velocidade

17.- Segundo o disposto no Regulamento xeral de circulación, unha marcha ciclista cun número de participantes entre 750 e 1.000 deberán contar, como mínimo, cos seguintes servizos sanitarios:

- a) Unha ambulancia e un médico
- b) Dous médicos, dous socorristas e dúas ambulancias
- c) Un médico, un socorrista e unha ambulancia
- d) Dúas ambulancias e un socorrista

18.- De conformidade coa Orde do 23 de novembro de 1994, pola que se desenvolve o Decreto 327/1994, polo que se regulan os servizos de automobilismo da Xunta de Galicia:

- a) Os vehículos de incidencias son aqueles que, con carácter ocasional, cobren as necesidades do servizo oficial que os distintos departamentos podan demandar
- b) Os vehículos de incidencias son aqueles que, con carácter permanente, cobren as necesidades do servizo oficial que os distintos departamentos podan demandar
- c) Os vehículos de incidencias son aqueles que, con carácter urxente e excepcional, cobren as necesidades do servizo oficial que os distintos departamentos podan demandar
- d) Os vehículos de incidencias son aqueles vehículos sen condutor a disposición do parque móbil para a cobertura de imprevistos



19.- A orde de prioridade entre os distintos tipos de sinais de circulación é o seguinte:

- a) Marcas viais, semáforos, sinais verticais, sinais e ordes dos axentes e sinalización circunstancial
- b) Sinais e ordes dos axentes, sinalización circunstancial, semáforos, sinais verticais e marcas viais
- c) Sinais e ordes dos axentes, marcas viais, semáforos, sinais verticais e sinalización circunstancial
- d) Sinalización circunstancial, sinais e ordes dos axentes, semáforos, sinalización vertical e marcas viais

20.- Segundo o disposto no artigo 3 do Regulamento xeral de circulación, as condutas referidas á condución negligente terán a consideración de:

- a) Infraccións leves
- b) Infraccións graves
- c) Infraccións moi graves
- d) A condución negligente non ten a consideración de infracción no regulamento, aínda que si na lei

21.- Utilizar cascos ou auriculares conectados a aparellos receptores ou reprodutores de son durante a condución:

- a) Está totalmente prohibido polo regulamento xeral de circulación
- b) Está permitido unicamente como complemento da telefonía móbil
- c) Está permitido unicamente como sistema de comunicación
- d) Está permitido xa que se considera que non interfere na condución

22.- O máximo de puntos dos que pode dispoñer un condutor son os seguintes:

- a) 10 puntos
- b) 12 puntos
- c) 15 puntos
- d) 20 puntos



23.- Cando nun motor de gasolina de catro tempos, dicimos que hai un avance ao acendido, a ignición da mestura aire-gasolina ocorre na fase ou tempo de:

- a) Compresión
- b) Admisión
- c) Expansión
- d) Escape

24. Como se clasifican, de modo xeral, polo número de voltas que da o cegoñal para realizar un ciclo motor completo?

- a) En rotativos e alternativos
- b) En Otto e Diésel
- c) En turboalimentados e atmosféricos
- d) En catro tempos e dous tempos

25. Cal destas afirmacións é correcta nun motor de 4 tempos?

- a) Cada volta que da o cegoñal, a árbore de levas xira dúas voltas
- b) Cada volta que xira o cegoñal, a árbore de levas xira unha volta
- c) Cada dúas voltas que xira o cegoñal, a árbore de levas xira unha volta
- d) Cada catro voltas que xira el cegoñal, a árbore de levas xira unha volta

26. Abrimos o capó do vehículo para identificar nun motor transversal en liña de 4 cilindros ao cilindro número 1

- a) Este é o máis próximo ao mecanismo de accionamento da distribución
- b) Este é o máis próximo á caixa de cambios
- c) Este é o cilindro máis próximo ao distribuidor de aceso nun motor de gasolina
- d) Este é o cilindro que monta na súa parte superior o sensor de posición da árbore de levas



27. A función principal dunha válvula EGR é:

- a) A regulación como válvula de sobrepresión da regulación da sobrealimentación do motor
- b) O quecemento do motor para beneficiar, sobre todo, o arranque en frío
- c) A recirculación dos restos de combustible sen queimar, evitándose así a súa emisión á atmosfera
- d) A redución dos óxidos de nitróxeno emitidos e contidos nos gases de escape do motor

28. O maior desgaste do émbolo no seu funcionamento prodúcese no tempo de:

- a) Expansión
- b) Compresión
- c) Escape
- d) Admisión

29. Na linguaxe técnico específica, cando falamos dun motor no que o diámetro da camisa maior é de maior medida que a carreira, estamos falando dun motor:

- a) Cadrado
- b) Alargado
- c) Súper cadrado
- d) Asimétrico

30. Os motores solen levar o que se chaman exectores de aceite. Onde se montan?

- a) No bloque motor, na parte superior dos cilindros
- b) Na parte inferior da culata
- c) Na parte do circuíto de refrixeración do turbo
- d) No bloque motor, na parte inferior dos cilindros



31. Dos seguintes aceites multigrado, segundo especificación SAE, cal é o de maior viscosidade?

- a) 10W 50
- b) 10W 40
- c) 5W 20
- d) 5W 30

32. Observamos que a testemuña de aceite do cadro acéndese ao ralentí e apágase ao subir de revolucións por minuto. O achacamos a:

- a) Filtro de aceite atascado ou obstruído
- b) Baixo nivel de aceite no cárter
- c) Baixa presión do circuíto de aceite
- d) Perda de aceite polo retén do cegoñal

33. Debido á necesidade da refrixeración no motor, podemos dicir que, aproximadamente unha porcentaxe da enerxía que nos aporta o combustible ao queimarse é necesario evacualo ao exterior. Esa porcentaxe é:

- a) Ao redor dun 75%
- b) Ao redor dun 30%
- c) Ao redor dun 15%
- d) Ao redor dun 50%

34. Os anticonxelantes usados na actualidade e na gran maioría dos vehículos son:

- a) Orgánicos
- b) Inorgánicos
- c) De base metálica
- d) Semisintéticos mestura de orgánicos e inorgánicos



35. Que punto de conxelación ten un líquido de refrixeración actual que contén o 60% de anticonxelante puro?

- a) -50°C
- b) -10°C
- c) -30°C
- d) -6°C

36. Hoxe en día o tipo de circulación do líquido refrixerante no motor máis utilizado é:

- a) A circulación forzada
- b) A circulación por termosifón
- c) A circulación por decantación
- d) A circulación por expansión

37. Dos tres tipos de transmisión de calor que existen, de que modo transfire a calor un radiador de refrixeración?

- a) Por convección (xa sexa natural ou forzada)
- b) Por conducción
- c) Por radiación, de aí o seu nome
- d) Por evaporación

38. Nun sistema de refrixeración dun motor, cal é a función do chamado intercambiador normalmente aloxado no filtro de aceite?

- a) Aumentar a presión do refrixerante
- b) Arrefriar o aire de admisión
- c) Intercambiar calor entre o refrixerante e o aceite do motor
- d) Regular a temperatura do líquido refrixerante



39. Para que se formulan os líquidos refrixerantes con cores flúor?

- a) Para diferenciar os líquidos refrixerantes orgánicos e inorgánicos
- b) Para identificar rapidamente a existencia dunha fuga no circuíto de refrixeración
- c) Para diferenciar a marca do fabricante
- d) Para identificar as diferentes temperaturas mínimas que soporta o refrixerante sen conxelarse

40. Cal é a diferenza entre un bloque de motor integral e un bloque de motor con camisas?

- a) No bloque de motor con camisas os cilindros se mecanizan sobre o propio material do bloque e no bloque de motor integral son cilindros desmontables que se acoplan ao bloque motor
- b) No bloque de motor con camisas se fabrican en aluminio e no bloque de motor integral se fabrican con base de níquel e silicio
- c) No bloque de motor integral os cilindros se mecanizan sobre o propio material do bloque e nos bloques de motor con camisas son cilindros desmontables que se acoplan ao bloque motor
- d) No bloque de motor integral se fabrican en ferro fundido e no bloque de motor con camisas se fabrican en aluminio

41. Que se emprega como elemento elástico a modo de resorte na montaxe da suspensión que soporta o vehículo?

- a) Barras de torsión, ballestas, amortiguadores, barra estabilizadora
- b) Muelles, ballestas, barras de torsión, cilindros hidropneumáticos, balonas pneumáticas
- c) Brazos de suspensión, rótulas, articulacións, muelles e amortiguadores
- d) Trapecios, tirantes, rótulas e articulacións

42. Das definicións seguintes acerca do sistema de suspensión, cal non se podería considerar como sistema de suspensión independente?

- a) Suspensión formada por un eixe ríxido entre rodas do mesmo eixe co seu correspondente muelle e amortiguador
- b) Suspensión formada por brazos articulados superpostos en forma de paralelogramo por cada roda
- c) O sistema formado por un subchasis ríxido onde se acoplan os brazos de suspensión de cada roda
- d) O sistema denominado Multilink ou Deltalink onde se unen as rodas do mesmo eixe mediante un tubo de aceiro



43. Das afirmacións sobre o sistema de freos de disco que se detallan, indique a resposta correcta:

- a) Os freos de disco teñen maior eficacia que os freos de tambor
- b) Por efecto da dilatación térmica nestes discos provoca maior forza de freado sobre as zapatas
- c) Este tipo de sistema de freos mellora a dissipación de calor xerado durante a freada
- d) Todas as respostas anteriores son correctas

44. A distancia de freado esta relacionada coa velocidade e o estado da calzada de forma que:

- a) A maior velocidade e independentemente do estado da calzada, a distancia de freado non varía
- b) A igual estado da calzada o aumento de velocidade implica maior distancia de freado
- c) Se diminúe a adherencia aumenta a distancia aínda diminuindo a velocidade
- d) A menor velocidade aumenta a adherencia e, como consecuencia, diminúe a distancia de freado

45. Na transmisión dun vehículo, o grupo diferencial (caixa de satélites) xeralmente utilizado está formado por:

- a) Unha coroa e dous palieres
- b) Dous satélites, un planetario e unha coroa exterior
- c) Dous palieres e dous planetarios
- d) Un satélite e dous planetarios

46. Todos os vehículos que montan caixa de cambios manual de eixes paralelos, deben levar asociado un grupo cónico á saída da dita caixa?

- a) Si necesariamente. É onde se realiza a unión cos semieixes
- b) Si. É onde leva implementado o dispositivo diferencial
- c) Si. Emprégase para multiplicar o par motor á saída da caixa de velocidades
- d) O grupo cónico emprégase en caixas con disposición transversal aos eixes de tracción

47. Con respecto á implantación dun dispositivo diferencial no automóbil Cal é a finalidade deste?

- a) Distribuír uniformemente o par motor ás rodas do mesmo eixe o entre eixes en vehículos 4x4
- b) Dispositivo integrado na caixa de cambios que provoca unha redución de velocidade e multiplicación de par para o mellor aproveitamento do par motor.
- c) Dispositivo situado no eixe de tracción do vehículo para controlar e reducir a perda de adherencia dalgunha das rodas
- d) Permitir a descompensación de xiro das rodas durante o trazado dunha curva



48. Para realizar unha conducción económica reducindo o consumo e as emisións e ao mesmo tempo, preservar o motor de solicitudes excesivas, como debemos actuar?

- a) Levar seleccionada a relación de velocidade máis larga posible
- b) Tratar de manter o réxime de motor o máis próximo ás revolucións correspondentes a "par máximo" e durante o maior tempo posible
- c) Intentar conducir a maior parte do tempo en punto morto aproveitando as pendentas descendentes e as deceleracións para aforrar combustible
- d) Tratar de conducir coa marcha máis curta posible

49. O sistema ASR integrado no automóbil que controla o par subministrado sobre as rodas motrices para evitar o seu esvaramento actúa da seguinte forma:

- a) Intervén sobre a UCE do motor axustando a carga-motor á capacidade de tracción das rodas
- b) Tomando lectura das velocidades de roda dos captadores do ABS, intervén sobre o freo da roda que tenda a pararse
- c) Recolle a información dos captadores de velocidade de cada roda e determina a velocidade efectiva do vehículo
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta

50. Sinala a reposta máis completa e que mellor define a cadea cinemática do automóbil ou mellor relaciona os elementos que a forman:

- a) Os órganos de transmisión do vehículo, rodas, palieres e árbore de transmisión
- b) Conxunto de órganos mecánicos que canalizan o movemento desde o volante motor ás rodas
- c) Volante motor, embrague, caixa de cambios, grupo reductor e diferencial
- d) Todas las respuestas anteriores son correctas

51. Nunha batería de características 12V/110Ah/750A (EN) o termo 750 A refírese a:

- a) A corrente de arranque en frío -18°C da batería
- b) A tensión nominal da batería
- c) A capacidade da batería
- d) Ningunha das anteriores respostas é correcta



52. Unha lámpada P21/5W:

- a) É unha lámpada para intermitentes de 21 Amperios e 5 Vatios
- b) É unha lámpada para intermitentes de 21 Voltios e 5 Vatios
- c) É unha lámpada de dous polos para luces de posición e freos
- d) No mercado non existen este tipo de lámpadas

53. É posible realizar a función sinalizadora de posición e freo mediante unha única lámpada monofilar?

- a) Non. É necesario utilizar unha lámpada bifilar
- b) Non. Sempre se utilizan dúas lámpadas diferentes
- c) Si. Sempre que estea conectada en serie
- d) Si, alimentándoa con tensión pulsada de ancho variable ou PWM

54. Se ao intentar poñer en marcha o motor térmico dun vehículo escoitamos un son como de metralleta sen que se produza o xiro do mesmo:

- a) A ponte de diodos do alternador está estragado
- b) O motor de arranque non é capaz de manter o piñón engranado na coroa do volante de inercia
- c) O piñón do motor de arranque non enclava e xira sen arrastrar ao motor térmico
- d) Esta situación non pode presentarse en ningún caso

55. Os vehículos con iluminación de lámpadas xenón:

- a) Deben dispoñer obrigatoriamente dun sistema de apagado diúrno
- b) Deben dispoñer obrigatoriamente de lámpadas halóxenas para a iluminación de estrada
- c) Non poden dispoñer de iluminación de curva adicional
- d) Deben dispoñer obrigatoriamente de regulación automática de altura e lavafaros

56. Cal é a tensión de baleiro dunha batería de 6 vasos cando está completamente cargada?

- a) 12,2V
- b) 13,2V
- c) 14V
- d) 24V



57. Cal é o obxectivo dos quentadores nos motores Diésel de inxección directa diésel?

- a) Para quentar o gasóleo e favorecer a súa evaporación
- b) Para quentar o aire de admisión
- c) Para quentar o área próxima aos inxectores na culata e favorecer o autoencendido do combustible
- d) Para quentar o auga de refrixeración do motor e permitir que o arranque do motor sexa máis fácil

58. O rendemento dun motor diésel depende de:

- a) Do valor da relación de compresión
- b) Da densidade do combustible
- c) A cantidade de aire admitida no cilindro
- d) Todas as respostas anteriores son correctas

59. Nun motor con sistema de inxección Common rail unha vez en marcha, a presión de combustible na rampa común:

- a) Mantense constante independentemente das revolucións e a carga do motor
- b) Aumenta inicialmente, pero se hai máis consumo de combustible ao acelerar baixará
- c) Aumenta se as revolucións por minuto e a carga do motor aumentan
- d) Diminúe se as revolucións por minuto e a carga do motor aumentan

60. Cal destes compoñentes non se atopa dentro dunha bomba Bosch VE Electrónica?

- a) Sensor de posición de corredera
- b) Desactivador do terceiro pistón
- c) Dosificador de caudal
- d) Válvula de parada

61. Nunha bomba de inxección rotativa ou inxectora, que elemento regula a velocidade máxima e mínima de rotación?

- a) O regulador da inxección
- b) O elemento de sincronismo de mínimo
- c) O regulador de velocidade
- d) A corredera



62. Por que é importante o equilibrado dos pneumáticos no turismo?

- a) Realmente ten pouca influencia sobre o comportamento do vehículo
- b) En caso de desequilibrio provocaría botes, ruídos e vibracións a baixa velocidade independentemente do terreo
- c) Para evitar un desgaste irregular e/ou vibracións máis acusadas a maior velocidade
- d) Un desequilibrio provocaría una diminución da adherencia de dito pneumático

63. Que se coñece como efecto aquaplaning e que circunstancias o provocan?

- a) Fenómeno que se produce na roda durante a rotación que debido ao deseño da súa escultura crea unha turbulencia aquaplaning drenando o auga da calzada para mellorar o agarre
- b) Coñécese con este nome ao desprazamento do vehículo durante a freada e no paso por unha curva por exceso de velocidade sobre unha superficie en mal estado
- c) Circunstancia que se produce polo exceso de auga proveniente da choiva que o vehículo é incapaz de evacuar sobre o parabrisas ocasionando perda de visibilidade ao condutor
- d) A perda de tracción e control da roda pola imposibilidade de drenar a auga acumulada entre esta e a calzada por elevada velocidade en relación á cantidade de auga sobre a calzada

64. Para levar a cabo o mantemento do noso automóbil, o fabricante recomenda o uso dun aceite lubricante multigrado SAE.10W40 pero por erro emprégase un 5W30. Das seguintes afirmacións, cal carece de rigor técnico?

- a) Este novo aceite terá unha máis baixa viscosidade en quente que mellora a fluidez do mesmo repercutindo nun menor grao de lubricación
- b) A menor viscosidade do aceite 10W40 provoca falta de lubricación durante o arranque en frío
- c) Este novo aceite terá unha máis alta viscosidade en frío que mellora a fluidez favorecendo o arranque en frío
- d) O aceite 10W40 aporta vantaxes en condicións de funcionamento de alta temperatura fronte ao 5W30



65. É posible variar o radio mínimo de xiro dun vehículo actuando sobre a cota de dirección, é dicir, modificando os ángulos da caída, saída e/ou converxencia?

- a) Si. Actuando sobre o ángulo de saída inflúese sobre a proxección do eixe da roda na calzada afectando ao ángulo de xiro das rodas
- b) Non, pois as modificacións realizadas en ambas rodas contrapóñense dando como resultado a non variación de dito radio
- c) Si. Calquera manipulación sobre as cotas de dirección implica cambios na xeometría da mesma afectando tamén ao radio de xiro
- d) Non. A manipulación da xeometría afecta directamente ao radio de xiro

66. Nos vehículos híbridos e eléctricos, a conexión de negativo dos compoñentes que funcionan en alta tensión realízase:

- a) A través de masa
- b) Por cableado específico conectado directamente á batería
- c) A través de colectores magnéticos
- d) As conexións de negativo pasan todas polo borne do rectificador

67. Nos vehículos eléctricos puros:

- a) O par motor aumenta coas revolucións do motor
- b) O par motor diminúe coas revolucións do motor
- c) O par motor non depende das revolucións do motor
- d) Os motores eléctricos non teñen par motor

68. A recarga en modo 4 das baterías dun vehículo eléctrico:

- a) Realízase mediante corrente alterna subministrada directamente á batería de alto voltaxe desde o punto SAVE
- b) Realízase mediante corrente continua subministrada directamente á batería de alto voltaxe desde o punto SAVE
- c) Realízase mediante corrente alterna subministrada á batería de alto voltaxe a través do inversor situado no vehículo
- d) Ningunha das anteriores respostas é correcta

69. Os ADAS forman parte:

- a) Da seguridade dinámica
- b) Da seguridade pasiva
- c) Da seguridade estrutural
- d) Da seguridade activa



70. Que elementos podemos considerar como dispositivos de seguridade activa do vehículo?

- a) O deseño do interior do vehículo
- b) Os airbags e os pretensores do cinto de seguridade
- c) O chasis e a carrocería
- d) A suspensión, pneumáticos e freos

SEGUNDA PARTE

CASO PRÁCTICO (PREGUNTAS 71 A 100)

Manuel, condutor de 64 anos adscrito á Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia, comeza a súa xornada ás 7:00 da mañá no mes de decembro. Hoxe ten a misión de transportar a un equipo de enxeñeiros forestais para realizar inspeccións en zonas montañosas de Lugo, no marco da prevención de incendios forestais. Para desprazarse entre a capital provincial e a base comarcal circulará por autopista e estradas secundarias utilizando un vehículo de tipo PHEV. Antes de saír, realiza unha inspección previa do vehículo.

Na base comarcal disporá dun vehículo todoterreo Diésel con remolque que cumpre a norma anticontaminación euro VI e dobre tracción para desprazarse ata os montes a inspeccionar.

71. O vehículo PHEV asignado:

- a) É un vehículo eléctrico que necesita ser enchufado á rede para poder recargar as baterías de alto voltaxe e obter así a enerxía necesaria para circular. (Plug-in High Electric Voltage)
- b) É un vehículo eléctrico de alta potencia (Power High Electric Vehicle)
- c) É un vehículo eléctrico híbrido permanente (Permanent Hybrid Electric Vehicle)
- d) É un vehículo híbrido que pode ser enchufado á rede para a recarga das baterías de alto voltaxe. (Plug-in Hybrid Electric Vehicle)

72. A que modalidade dos servizos automobilísticos da Xunta de Galicia corresponde o todoterreo que lle espera na base comarcal?

- a) Grupo A
- b) Grupo B
- c) Grupo C
- d) Grupo E



73. O vehículo está equipado cuns pneumáticos do tipo run-flat. Atendendo a dita tipoloxía de pneumático indique a descrición correcta:

- a) Estes pneumáticos están deseñados para circular especialmente por vías urbanas e interurbanas. O seu uso permite un aforro de combustible considerable
- b) Permite a circulación do vehículo con baixa ou incluso nula presión de inflado
- c) Son pneumáticos de alto coeficiente de adherencia específicos para condución deportiva
- d) Pneumáticos de perfil relativamente baixo, lixeiros e o seu uso está recomendado para turismos cun baixo índice de velocidade

74. Durante a revisión observa que o líquido refrixerante está un pouco por debaixo do nivel mínimo indicado polas marcas no vaso de expansión, ante esta situación, cal dos seguintes supostos é o correcto segundo aconsellan os fabricantes de vehículos para proceder a emendalo:

- a) Poderemos encher con auga ata acadar as marcas establecidas de nivel
- b) O aconsellable sería utilizar líquido refrixerante aínda que non coincida coas especificacións preconizadas polo fabricante
- c) Deberemos encher con refrixerante da mesma natureza que o que contén o vehículo para evitar situacións de incompatibilidade
- d) Non dispoñendo do mesmo refrixerante para encher pódese utilizar auga destilada pois ao ser neutra non afectaría ao comportamento do refrixerante

75. Neste mesmo chequeo vemos que o nivel de líquido de freos está excesivamente baixo, aínda que dentro dos límites; non apreciándose fugas no circuíto. Sinala o correcto.

- a) Ante esta situación deberá repoñer líquido ata aproximarnos ao valor máximo
- b) É un caso típico dado que o líquido de freos pode sufrir vaporización debido ao calor xerado durante a freada nas pastillas de freo
- c) Esta baixada de nivel débese á perda de humidade do líquido de freos ao longo da súa vida útil
- d) Esta diferenza con respecto ao nivel máximo débese ao desgaste dos elementos frenantes e non debe ser repostado

76. Mentres revisamos a documentación do vehículo Manuel dáse conta de que o próximo mes cumprirá 65 anos e lle coincide coa renovación do seu permiso de condución tipo B co que a partir dese momento e ata acadar o seguinte tope de idade terá que renovar a súa licenza cada:

- a) 7 anos
- b) 5 anos
- c) 4 anos
- d) 3 anos



77. Para realizar o servizo previsto Manuel:

- a) Elixer unhas botas de trekking que mercou fai un ano e que sempre leva nos servizos de campo
- b) Elixer un calzado deportivo, pois resultará máis axeitado para a condución de ambos vehículos
- c) Terá que utilizar o calzado fixado pola Consellería para os seus condutores en cada tipo de vehículo que utilice
- d) A vestimenta e calzado para a condución nos vehículos destas categorías é de libre elección

78. No contexto dos vehículos híbridos enchufables, a indicación "READY" acéndese no cadro de instrumentos ao activar o sistema. Cal das seguintes afirmacións é correcta respecto a esta indicación?

- a) A indicación "READY" significa que o vehículo está en modo totalmente eléctrico e listo para circular sen emisións.
- b) A indicación "READY" pode acenderse, aínda que o motor de combustión interna estea apagado, indicando que o sistema eléctrico está operativo
- c) A indicación "READY" é un estándar internacional e debe aparecer en todos os vehículos PHEV independentemente do fabricante.
- d) A ausencia da indicación "READY" implica que o vehículo non ten batería suficiente para operar e debe ser recargado inmediatamente.

79. Circulando pola autovía en dirección á base comarcal e ante a imposibilidade de adiantar por tráfico intenso nos atopamos detrás dun camión que amosa na súa parte posterior unha sinal rectangular laranxa retro-reflectante con bordes negros e con dous números en cor negra un encima doutro e separados por una liña negra horizontal. Estes números indican:

- a) O superior a perigosidade da mercadoría e o inferior a identificación da mercadoría
- b) O superior o código do transportista e o inferior a identificación da mercadoría
- c) O superior a clase do vehículo e o inferior o código da licenza de transporte
- d) O superior a distancia de seguridade mínima que se debe manter e o inferior a identificación da mercadoría



80. A garda Civil instalou un radar móbil para o control da velocidade no tramo da autopista polo que circulará Manuel no seu servizo, que nun despiste é identificado circulando a 131 km/h nunha zona con limitación xenérica de 120 km/h. A notificación da infracción que se reciba no seu día na Consellería indicará:

- a) Multa de 300 €, 150 € por pronto pago, e retirada de 2 puntos
- b) Multa de 100 €, 50 € por pronto pago, sen retirada de puntos
- c) Multa de 100 €, 50 € por pronto pago, con retirada de 1 punto
- d) Retirada de 2 puntos sen multa asociada

81. Ao subir unha pendente pronunciada e sen modificar a posición do acelerador, observamos unha subida acusada das revolucións por minuto do motor volvéndose este moito máis ruidoso. O podemos achacar a:

- a) O motor xira máis rápido por posible desgaste na transmisión de variación continua
- b) É o funcionamento normal do inversor nesa circunstancia de pendente acusada
- c) É normal debido ao detector de pendente do vehículo. Aumenta as revolucións para superala
- d) O motor entrou en situación II de emerxencia e mantén as revolucións máis altas do normal para evitar que o vehículo pare nesas circunstancias

82. Circulando pola autovía en dirección ao centro comarcal vese na obriga de deterse no interior dun túnel a causa dun atasco ocasionado por unha vertedura de carga dun camión precedente. Transcorreron cinco minutos e a circulación segue detida. Manuel procederá do seguinte modo:

- a) Acenderá as luces de emerxencia e baixará do vehículo para axudar a despexar a vía
- b) Acenderá as luces de emerxencia, vestirá o chaleco de seguridade e sinalizará o atasco coa luz de emerxencia de teito V16
- c) Interromperá o funcionamento do motor ata que poda proseguir a marcha, conservando acendido o alumado de posición
- d) Interromperá o funcionamento do motor ata que poda proseguir a marcha, acenderá as luces de emerxencia e sinalizará o atasco coa luz rotatoria de teito sen baixarse do vehículo



83. Circulando pola autopista e ao pasar por un pórtico de sinalización atopámonos, no carril correspondente ao que circulamos unha sinal circular de fondo azul e o símbolo dun automóbil en branco o que nos indica que:

- a) Por ese carril están obrigados a circular todos os vehículos autopropulsados
- b) Por ese carril están obrigados a circular todos os vehículos autopropulsados agás os articulados de 4 eixes ou máis
- c) Por ese carril están obrigados a circular todos os vehículos autopropulsados agás os de dúas rodas sen sidecar
- d) Por ese carril están obrigados a circular só os vehículos autopropulsados turismos

84. En varios momentos ao longo da viaxe pola autopista Manuel detecta que se acende unha luz no espello retrovisor exterior esquerdo. A que pode ser debido?

- a) O vehículo avísanos porque o ADAS correspondente detectou un cambio involuntario de carril
- b) O ADAS correspondente avísanos de que un vehículo está adiantándonos pola esquerda, por se non pode ser visto por atoparse no ángulo morto
- c) O ADAS correspondente indícanos que debemos adiantar ao vehículo precedente xa que nos acercamos a el perigosamente
- d) O ADAS correspondente indícanos que non utilizemos o carril da esquerda por detectar un firme extremadamente irregular

85. Ao cabo dun rato de circulación Manuel observa que a temperatura exterior cae por debaixo de 0 grados e o parabrisas do vehículo comeza a embazarse. A que pode ser debido?

- a) O climatizador anulou o funcionamento do aire acondicionado por posible conxelación no evaporador, o que impide a desecación do aire introducido no habitáculo
- b) Manuel circulou ata ese momento coas fiestras abertas e o climatizador apagado, impedindo o quentamento do interior do habitáculo
- c) O filtro deshidratador do fluído refrixerante está esgotado
- d) Nese momento o climatizador do vehículo PHEV non se atopa en funcionamento pois está funcionado en modo eléctrico e o compresor non é arrastrado polo motor térmico



86. Durante o traxecto atópase cunha curva, o condutor aprecia que a velocidade coa a que circula é elevada para tomala con seguridade polo que á entrada de dita curva pisa o freo violentamente. Nese momento Manuel observa que se ascende unha testemuña do cadro de instrumentos que representa a un vehículo en cor laranxa con dúas liñas sinuosas debaixo del. Que indica a dita testemuña?

- a) É a testemuña do control de estabilidade que detectou un problema de estabilidade do vehículo durante a freada
- b) É a testemuña de control de tracción que actuou ao detectar unha falta de adherencia nas rodas motrices
- c) Testemuña de bloqueo dalgunha das rodas por perda de adherencia durante a freada
- d) Indicador de luces de freada de emerxencia para advertir do perigo de colisión aos demais usuarios da vía

87. O aparcamento da base comarcal dispón dun cargador para recarga de baterías de vehículos en Modo III.

- a) Manuel poderá enchufar o vehículo ao poste de recarga. Calquera que sexa o cable que utilice, a recarga da batería producirase en corrente alterna monofásica con límite máximo de 7,33 kW, pois o cargador de bordo así o determina
- b) Manuel poderá enchufar o vehículo ao poste de recarga co cable de dotación do seu automóbil. A carga realízase en corrente continua, polo que en menos de 30 minutos disporá de máis do 70 % de carga
- c) Os vehículos PHEV non poden ser recargados en modo III
- d) Os aparcamentos públicos non dispoñen de postes de recarga en modo III

88. Unha vez na base realizamos unha inspección do vehículo todoterreo e do remolque. No informe da última inspección técnica do todoterreo observamos un apartado co código m⁻¹ reflexando uns valores relacionados con:

- a) O coeficiente de absorción.
- b) O coeficiente aerodinámico.
- c) Coeficiente de rodadura.
- d) Coeficiente de freado.



89. O remolque conta cunha única placa de matrícula, coincidente coa do vehículo todoterreo asignado. Os técnicos indican a Manuel que no remolque transportará unha máquina de 850 kg de peso ata unha estación de vixilancia. A MMA do todoterreo é de 2200 kg.

- a) Manuel non pode conducir esa combinación de todoterreo e remolque cargado co seu permiso B
- b) Manuel deberá cerciorarse que a carga non sobresaia da plataforma do remolque ou, no seu caso, sinalizala convenientemente
- c) O todoterreo non pode remolcar a carga indicada
- d) O remolque non pode transportar a carga indicada

90. No momento de dar ao contacto, observamos no cadro de instrumentos un nivel de Adblue do 20%. Que ocorrerá, como norma xeral, se circulando non facemos caso ás indicacións de advertencias sobre nivel moi baixo deste aditivo?

- a) O vehículo contaminará, pero non ocorrerá nada máis. Comportarase como un Euro 4
- b) O vehículo entrará en modo de redución de prestacións e/ou potencia
- c) O vehículo pararase sen intervención do condutor
- d) O vehículo entrará automaticamente en modo de rexeneración activa do filtro de partículas

91. Arrancamos o vehículo todoterreo e observamos una gran fumareda de cor negro que se mantén durante uns 30 a 45 segundos para ir pouco a pouco desaparecendo. O achacamos a:

- a) Filtro de partículas parcialmente atascado
- b) Turbo gripado ou bloqueado non xirando ás revolucións adecuadas
- c) Rotura de manguito ou tubo de conexión de entrada de aire ao motor
- d) Fallo de buxía/s de precalentamento

92. Estando a ralentí e o motor a temperatura de servizo observamos que o indicador de batería do cadro mantén unha luz moi tenue con leves oscilacións. Esta circunstancia a interpretamos con seguridade como:

- a) Un problema dos diodos de potencia da ponte rectificadora do alternador
- b) Un problema co regulador do alternador
- c) Terminal W do alternador en corto
- d) Correa de accionamento de accesorios destensada



93. Un ocupante do vehículo nos pregunta como curiosidade que é o que se chama rexeneración pasiva do filtro de partículas? Ao que respondemos:

- a) É un sistema de rexeneración do filtro no que as partículas de feluxe se queiman de forma continua, sen intervención por parte da xestión do motor
- b) É un sistema de rexeneración do filtro no que as partículas de feluxe se acumulan no propio filtro e no seguinte intervalo de servizo se queiman por un procedemento específico, estando o vehículo detido a ralentí
- c) A xestión do motor somete as partículas de feluxe a combustión a base de elevar de forma deliberada a temperatura dos gases de escape por sinal previa do sensor de presión diferencial
- d) É un procedemento que implica a desmonte do filtro de partículas e a súa limpeza con ultrasóns

94. No noso traxecto tratando de chegar ao noso destino no monte, a pista sube con pendente pronunciada, firme irregular e con pequenas zonas embarradas e arenisca; esta situación provoca momentos de perda de adherencia e maniobrabilidade. Seleccione a opción que mellor axude a Manuel a solventar este problema.

- a) Inserir a tracción ás 4 rodas mellora a tracción nas rodas aumentando a maniobrabilidade
- b) Intentar circular con marchas largas a un réxime baixo para evitar transmitir un gran par a las rodas evitando así o derrape
- c) Desactivar o sistema ESP pois nestas circunstancias provoca unhas reaccións imprevisibles sobre o comportamento do vehículo dificultando a conducción
- d) Activar o control de tracción e inserir a función 4x4, desta forma efectúase un reparto de par entre rodas asociado ao control de deslizamento que mellora a estabilidade



95. Este vehículo todoterreo incorpora un sistema inserible a vontade polo condutor que provoca unha diminución da velocidade en calquera relación seleccionada no cambio e unha circulación superlenta do mesmo. Que finalidade ten o dito sistema?

- a) Denomínase caixa redutora e se emprega para circular a velocidade superlenta en terreos accidentados con firmes irregulares, amplifica o par motor para poder solventar os obstáculos e a menor velocidade mellora o control en situacións de baixa adherencia
- b) Denomínase caixa redutora e se emprega para circular a velocidade superlenta coa finalidade de repartir o par motor entre os eixes dianteiros e traseiros para evitar situacións de perda de adherencia e estabilidade no vehículo
- c) É un dispositivo asociado ao sistema de transmisión que, como complemento á caixa de cambios, permite obter un maior número de relacións no cambio de velocidades e é especialmente indicado para circular a baixas velocidades
- d) Dispositivo implementado no vehículo que forma parte do sistema de control de tracción mediante o cal se pode transferir o par motor indistintamente ás rodas que presenten maior adherencia para aproveitar mellor o dito par motor

96. Con respecto á configuración do sistema de suspensión do vehículo, cal sería o máis indicado polo seu comportamento desde o punto de vista do confort e a capacidade de adaptación ás irregularidades do terreo en camiños forestais:

- a) Suspensión de eixe ríxido, formado por ballestas que aportan gran robustez construtiva cunha boa resposta aos desprazamentos laterais da carrocería
- b) Suspensión independente multibrazo asociado a un sistema elástico pneumático ou hidropneumático con posibilidade de corrección de altura e dureza
- c) A formada pola columna McPherson ideal pola súa simplicidade e elasticidade
- d) Dadas as características deste tipo de vehículos a suspensión non é un elemento determinante debido ás baixas velocidades que se manexan premiando a robustez fronte ao confort

97. Con cal dos seguintes pneumáticos poderíamos circular sen utilizar cadeas por un tramo de estrada nevado no que a Garda Civil de Tráfico determinou o seu uso obrigatorio?

- a) 270/70 17" 98Q MT
- b) 270/70 17" 98S AT
- c) 265/70 17" 98H M+S
- d) 265/70 17" 98H AS



98. Unha das características que definen o noso vehículo todoterreo é o denominado ángulo de ataque. Afectará este sobre algún aspecto da condución para ter en conta durante a viaxe?

- a) Si, debemos telos en conta pois afecta directamente sobre a configuración da dirección e o comportamento desta
- b) Non é relevante para a condución. Só define aspectos construtivos da transmisión do vehículo
- c) Debemos telo en conta porque indica a pendente máxima que o vehículo pode enfrontar sen rozar antes de que as rodas empecen a subir a pista
- d) Define a altura libre do vehículo na súa parte inferior que xunto á batalla lle permite sobrepasar obstáculos sen que estes incidan sobre a carrocería

99. Circulamos por unha pista asfaltada cunha pendente do 10 %. Ao chegar a un estreitamento observamos que se dirixe cara a nos un vehículo turismo en sentido contrario. Quen terá preferencia de paso?

- a) O turismo, pois o todoterreo ten máis capacidade de circulación en pendente
- b) O que chegue antes ao estreitamento
- c) Nos, por levar enganchado un remolque
- d) O que circule en sentido ascendente

100. Un dos transportados no todoterreo tropeza ao baixarse en destino e se golpea na cabeza ao caer ao solo, sen que se observen hemorraxias aparentes. Ao avaliar ao accidentado obsérvase que se atopa inconsciente, pero ten pulso e respira espontaneamente.

- a) O colocaremos boca arriba coas pernas levantadas para facilitar a chegada do fluxo sanguíneo á cabeza
- b) Maniobraremos co procedemento previsto para colocalo en posición lateral de seguridade
- c) O sentaremos e golpearemos levemente na cara para favorecer a súa volta á consciencia
- d) Ningunha das anteriores é correcta

PREGUNTAS DE RESERVA PRIMEIRA PARTE (101 A 105)

101. Que tipo de norma debe regular a institución do Defensor del Pueblo?

- a) Unha lei orgánica
- b) Unha lei ordinaria
- c) Un decreto lei
- d) Un decreto-lexislativo



102. O subviraxe e o sobreviraxe::

- a) Son corrixidos polo ESP
- b) Son corrixidos polo control de tracción ETC
- c) Son corrixidos polo ABS
- d) Só poden corrixirse contravolanteando na dirección

103. Respecto ao sistema de freos do vehículo debemos considerar:

- a) O vehículo debe dispoñer dos seguintes sistemas de freos: os freos de servizo, o freo de socorro e de estacionamento
- b) O vehículo dispón dun sistema de freos hidráulico capaz de detelo nun intervalo determinado e un sistema de freo automático en caso de avaría
- c) O dispositivo de freada debe efectuar unha forza proporcional á velocidade do vehículo para facilitar a súa detención
- d) Está composto por un sistema automático que actúa a instancias do condutor sobre os dispositivos de freada

104. Nun vehículo híbrido non enchufable, o freado rexenerativo:

- a) Realízano os motores eléctricos funcionando como xeradores, para recargar a batería de alto voltaxe
- b) Realízase mediante as pinzas e discos de freo
- c) Aproveita o calor xerado nos discos de freo para aforrar enerxía na climatización do vehículo
- d) Estes vehículos non dispoñen de freado rexenerativo

105. O conector de servizo dunha batería de alto voltaxe:

- a) Serve para conectar a batería de alto voltaxe á rede
- b) Atópase debaixo do asento do copiloto
- c) Permite a recarga da batería de baixa tensión
- d) Precisa do uso de luvas de seguridade para poder ser manipulado



**PREGUNTAS DE RESERVA
SEGUNDA PARTE (106 A 109)**

106. O vehículo PEHV que conducimos funciona segundo o ciclo termodinámico Atkinson que:

- a) Mantén un retardo ao peche da válvula de admisión maior que nun motor de gasolina convencional atmosférico
- b) Aumenta o tempo de compresión co que a relación de compresión é maior que un motor de gasolina convencional atmosférico
- c) Reduce o tempo de expansión, pero diminúe drasticamente as perdas de calor no escape
- d) A eficiencia é maior, pero aumenta lixeiramente o consumo de combustible ao ter un maior avance á apertura da válvula de escape

107. O vehículo PHEV que conducimos dispón dun dispositivo ambiental ECO, cal sería a súa autonomía máxima en modo eléctrico?

- a) 5 km
- b) 20 km
- c) 40 km
- d) Todos os vehículos PHEV teñen distintivo ambiental ECO calquera que sexa a súa autonomía en modo eléctrico.

108. Ao abrir o capó do vehículo todoterreo observamos que os bornes da batería se atopan sulfatados A que podería ser debido?

- a) Estamos utilizando unha batería dunha capacidade superior á indicada polo fabricante do vehículo
- b) Estamos utilizando unha batería dunha capacidade inferior á indicada polo fabricante do vehículo
- c) O alternador ten un diodo en mal estado e proporciona corrente alterna ao sistema eléctrico
- d) Os terminais non están ben fixados aos bornes da batería e non fan bo contacto

109. No caso de activación do sistema pirotécnico de desconexión da batería do vehículo todoterreo:

- a) Non se pode volver a reutilizar sendo necesario substituír o terminal pirotécnico e o cable
- b) Non se pode volver a reutilizar sendo necesario substituír unicamente o terminal
- c) Non se pode volver a reutilizar sendo necesario substituír unicamente o cable
- d) Se poderá volver a reutilizar reprogramando a unidade de control